

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
25 DE SETEMBRO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan A. Maceiras Barros

Concelleiros

Dona Eva María Vilariño
González.

Don Jesús Veiga Sabín

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don José María Laya Carril

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Interventora

Dona Marta Roca Naveira

Secretaria acctal.

Dona Marta Roca Naveira

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas do vintecinco de setembro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don José María Laya Carril; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión a concelleira don Juan José Herva Mallo e Don Antonio Medín Pena.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, a secretaria acctal dona Marta Roca Naveira.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia, non se aproba a acta da sesión anterior, correspondente ao 18 de setembro de 2006, xa que non se entregou a correspondente copia desta aos concelleiros na convocatoria da sesión.

2.- PROPOSTA DE GASTO PLURIANUAL DA OBRA DE REFORMA DA CASA CONSISTORIAL.- Dada conta da proposta da alcaldía para a aprobación do gasto plurianual da obra de reforma da casa consistorial e visto o informe favorable da intervención municipal así como dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o Pleno do Concello coa abstención dos concelleiros Sres. Abreira Sobrado do BNG, Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e Laya Carril e oito votos a favor dos restantes membros da Corporación que asisten á sesión, acorda a aprobación do gasto plurianual da obra de reforma da casa consistorial tal e como dispón a BEO-2006 28ª coas características que se indican a continuación:

a) Suposto no que se basea.

O presente gasto atopa encaixe dentro do suposto previsto no artigo 80.1 a) do RD 500/90 e 174.2 a) do TRLRFL "Investimentos e transferencias de capital".

b) Cumprimento dos límites cualitativos.

As anualidades do gasto plurianual serían as seguintes:

-Anualidade 2006.....232.266,60 euros

-Anualidade 2007.....464.661,82 euros

Considerando que co desglose por anualidades antes descrito non se estarían a cumprir os límites cualitativos previstos na normativa vixente, pola Alcaldía presidencia preséntase ó Pleno proposta de acordo de elevación dos mesmos en virtude da habilitación contida no artigo 174.5 do TRLRFL.

c) Plan de inversións e programa de financiamento.

O plan de inversións e o programa de financiamento é o que se incorpora como anexo dentro da proposta de modificación do anexo de investimentos do exercicio 2006.

d) Existencia de compromisos firmes de aportación.

A financiación das obras de referencia procede parcialmente dos compromisos firmes de aportación procedentes das subvencións outorgadas pola Consellería de Xustiza nos exercicios 2004 e 2005 por importes de 247.000 euros e 210.000 euros respectivamente cun desglose por anualidades segundo o seguinte:

	SUBVENCION CONCEDIDA ANO 2004 (€)	SUBVENCION CONCEDIDA ANO 2005 (€)
2004	12.000	
2005	10.000	20.000
2006	25.000	15.000
2007	100.000	15.000
2008	100.000	10.000
2009		150.000
TOTAL	247.000	210.000

3.- PROPOSTA DE ELVACION DOS LIMITES DO ARTIGO 174 DO TRLRFL E MODIFICACION DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.- Estando previsto no orzamento municipal do exercicio 2006 e dentro do anexo de investimentos a realización da obra de reforma da casa consistorial. Considerando que o expediente se atopa aprobado e o réxime de anualidades previsto no prego de cláusulas administrativas determina que para o ano 2006 o importe previsto é de 232.266,60 euros e para o 2007 de 617.646,11 euros. Vista a proposta da Mesa de contratación a favor da empresa Manuel Varela Collazo, SL por un importe de 696.928,42 euros.

Considerando pois que estamos ante un investimento de carácter plurianual e visto que o artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo determina que:

“1. La autorización o realización de los gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen los respectivos presupuestos.

2. Podrán adquirirse compromisos por gastos que hayan de extenderse a ejercicios posteriores a aquel en que se autoricen, siempre que su ejecución se inicie en el propio ejercicio y que, además, se encuentren en alguno de los casos siguientes:

a) Inversiones y transferencias de capital.

b) Los demás contratos y los de suministro, de consultoría, de asistencia técnica y científica, de prestación de servicios, de ejecución de obras de mantenimiento y de arrendamiento de equipos no habituales de las entidades locales, sometidos a las normas del Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, que no puedan ser estipulados o resulten antieconómicos por un año.

c) Arrendamientos de bienes inmuebles.

d) Cargas financieras de las deudas de la entidad local y de sus organismos autónomos.

e) Transferencias corrientes que se deriven de convenios suscritos por las corporaciones locales con otras entidades públicas o privadas sin ánimo de lucro.

3. El número de ejercicios a que pueden aplicarse los gastos referidos en los párrafos a), b) y e) del apartado anterior no será superior a cuatro. Asimismo, en los casos incluidos en los párrafos a) y e), el gasto que se impute a cada uno de los ejercicios futuros autorizados no podrá exceder de la cantidad que resulte de aplicar al crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió los siguientes porcentajes: en el ejercicio inmediato siguiente, el 70 por 100; en el segundo ejercicio, el 60 por 100, y en el tercero y cuarto, el 50 por 100.

4. Con independencia de lo establecido en los apartados anteriores, para los programas y proyectos de inversión que taxativamente se especifiquen en las bases de ejecución del presupuesto, podrán adquirirse compromisos de gastos que hayan de extenderse a ejercicios futuros hasta el importe que para cada una de las anualidades se determine.

A estos efectos, cuando en los créditos presupuestarios se encuentren incluidos proyectos de las características señaladas anteriormente, los porcentajes a los que se refiere el apartado 3 de este artículo se aplicarán sobre dichos créditos una vez deducida la anualidad correspondiente a dichos proyectos.

5. En casos excepcionales el Pleno de la corporación podrá ampliar el número de anualidades así como elevar los porcentajes a que se refiere el apartado 3 de este artículo.

6. Los compromisos a que se refiere el apartado 2 de este artículo deberán ser objeto de adecuada e independiente contabilización”

Resultando que neste caso estamos ante un investimento de carácter plurianual cuio número de anualidades é de duas pero que o gasto que se imputa á anualidade do exercicio 2007 excedería dos porcentaxes previstos inicialmente na lei de facendas locais (70%, 60%, 50% e 50%).

Considerando que o apartado quinto do citado artigo prevé que o Pleno da corporación poderá excepcionalmente elevar as porcentaxes a que se refire o apartado 3 do artigo 174, e na medida en que debido ó orzamento ó que ascende o presente investimento resulta imposible habilitar o crédito na anualidade do exercicio 2006 polo crédito necesario para dar cumprimento ós porcentaxes definidos no artigo 174.3.

De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Laya Carril, Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE, e oito votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º Que se proceda á aprobación da elevación dos porcentaxes a que fai referencia o apartado 3 do artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ante a imposibilidade de habilitar o crédito na anualidade do ano 2006 necesario para garanti-lo cumprimento dos límites porcentuais determinados no TRLRFL. Os porcentaxes resultantes quedarían como segue:

	Importe anualidade (€)	Porcentaxe anualidade (%)
Ano 1 (anualidade 2007)	464.661,82	200%

2º Que se proceda á inserción no anexo de investimentos do exercicio 2006 de modo que se adxunte como anexo a ficha do presente gasto plurianual cuio contido é o seguinte:

Proxecto: Reforma da casa consistorial

Ano	Gastos	Descripción	Importe
2006	432/63200	Investimentos en carreteras, camiños veciñais e vías públicas urbanas	232.266,60
2007	432/63200	Investimentos en carreteras, camiños veciñais e vías públicas urbanas	464.661,82
		Total gastos	696.928,42
		

Ano	Financiam ento	Descrición	Importe
2006	75500	Subvenc.	40.000,00
	39700	Aproveitamentos urbanísticos	30.887,00
	39702	Aproveitamentos urbanísticos	161379,6
		Total financiamento	232.266,60
		...	

4.- APROBACION DA SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA A ADQUISICION DUN VEHICULO ESPECIALMENTE DESEÑADO PARA INTERVENCION EN VIAS DENTRO DAS POBOACIONS INTERURBANAS DE DIFICIL ACCESO OU MANIOBRABILIDADE .-

Vista a Orden de 31 de xullo de 2006 pola da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regula o réxime de axudas ás corporacións locais para a adquisición de vehículos contra incendios e salvamento en concellos de menos de 20.000 habitantes. A vista de que entre a documentación que se unirá á solicitude deberá de constar os seguintes puntos:

- 1º.- Compromiso de realizar a adquisición do vehículo, achegando o concello o 25% do se custo.
- 2º.- Compromiso de dispoñer de persoal permanente para o uso do vehículo.
- 3º.- Asunción dos custos de mantemento, seguros e inspeccións técnicas durante o período de vida útil do vehículo.
- 4º.- Compromiso de contraer antes do 1 de decembro de 2006 a obriga orzamentaria do gasto total necesario para a adquisición do vehículo.

De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello, adopta por unanimidade os seguintes acordos:

- 1º.- Compromiso de realizar a adquisición do vehículo, achegando o concello o 25% do se custo.
- 2º.- Compromiso de dispoñer de persoal permanente para o uso do vehículo.
- 3º.- Asunción dos custos de mantemento, seguros e inspeccións técnicas durante o período de vida útil do vehículo.
- 4º.- Compromiso de contraer antes do 1 de decembro de 2006 a obriga orzamentaria do gasto total necesario para a adquisición do vehículo.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACION DA CONTRATACION DAS OBRAS DE REFORMA DA CASA CONSISTORIAL.-

Vista a tramitación do expediente de contratación das obras de reforma da casa consistorial iniciado por providencia de Alcaldía de 3 de agosto de 2006. Rematado o prazo de presentación de proposicións, aperturadas as mesmas e formulada a proposta por parte da Mesa de Contratación a favor da empresa Manuel Varela Collazo, SL. Visto o informe de fiscalización da Intervención municipal de 22 de setembro.

Vista a acta da Mesa de Contratación da obra de referencia de data 22 de setembro , na que se formula proposta de adxudicacion en base ó informe do Arquitecto Municipal de data 21 de setembro así como á valoración das ofertas económicas.

De conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Laya Carril e Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE, o voto negativo do concelleiro Sr. Abaira Sobrado e oito votos a favor dos demais membros da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º) Ratifica-la aprobación do expediente de contratación das obras de reforma da casa consistorial realizada pola Alcaldía.

2º) Declarar válida a licitación e adxudicar o contrato de obra de "REFORMA DA CASA CONSISTORIAL" á empresa "Manuel Varela Collazo, SL" polo prezo de 696.928,42 (€) IVE incluído, coas prescricións que figuran no prego de cláusulas administrativas, no cadro de características e de acordo coas melloras propostas pola citada empresa.

3º) Que se notifique este acordo ó contratista no prazo de DIEZ (10) DÍAS e se lle requira para que, dentro dos QUINCE (15) DÍAS desde que se lle notifique a adxudicación, presente documento constitutivo da garantía definitiva do 4%, e se lle cite para a formalización do contrato en documento administrativo no prazo de TRINTA (30) DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da mencionada adxudicación. Igualmente se notificará ó resto dos licitadores o resultado da licitación.

4º) Ordenar a publicación do presente acordo no BOP, en aplicación do disposto no artigo 93.2 do RD 2/00 nun prazo non superior a 48 días a contar dende a data de adxudicación do presente contrato.

5º) Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente e Secretaria da Corporación, na amplitude que sexa precisa, para a sinatura do correspondente contrato administrativo.

6º) Acorda-la devolución das garantías provisionais ós licitadores de conformidade co previsto no artigo 35.2 do TRLCAP.

O concelleiro Sr. Abaira Sobrado manifesta que se a adxudicación da obra é competencia do Pleno, resultaría lóxico que na mesa de contratación formen parte como membros da mesa os concelleiros da oposición.

Sometido a votación o asunto dou o resultado sinalado anteriormente.

Non sendo outro o asunto da sesión, a Presidencia levántaa ás trece horas e dez minutos redactándose a presente acta, do que eu, a secretaria acctal, dou fe.

O presidente,

A secretaria -acctal,